

Lee con atención os seguintes documentos e utiliza os datos que fornecen para describir as consecuencias das políticas colonialistas e imperialistas desenvolvidas polas potencias europeas, Estados Unidos e Xapón durante o século XX para os pobos e territorios dominados en África, Asia e América Latina.

Reflexiona sobre as continuidades entre a explotación da poboación africana para utilizala como man de obra escrava nas plantacións de algodón, azucre, café, tabaco, etc en América e a explotación colonial dos territorios africanos e asiáticos.

Utiliza a información que fornecen os sitios virtuais indicados nos artigos de la Voz en la Escuela que xuntamos.

29 DE XANEIRO DE 2021 NÓS DIARIO

O movemento WAR pediu indemnizacións

Australia conmemora o "día da invasión" e "o xenocidio"

Redacción | Nós Diario

A festividade estatal de Australia, o chamado *Australia Day*, conmemora, desde 1994, a chegada o 26 de xaneiro de 1788 de Arthur Phillip cos once primeiros barcos á badía de Sidney. Esas embarcacións levaban condenados que chegaron a ese continente para vivir no que sería unha colonia penal. Ese momento tamén marcou para sempre a vida das e dos aborixes de Australia após violentas incursións por todo o territorio e unha persecución que aínda queda na memoria.

En 2015 o movemento *Warriors of the Aboriginal Resistance* (WAR), un colectivo de mozas e mozos aborixes comprometidos coa causa da descolonización e coa filosofía do nacionalismo aborixe, da resistencia e do avivamento, organizou concentracións ás que asistiron miles de persoas para protestar polo fechamento forzado de comunidades aborixes remotas no oeste de Australia. En 2018 desde WAR comezaron a organizar o "día da invasión" na cidade de Melbourne. Daquela, as redes sociais serviron como canle para promover todo tipo de actos semellantes e contestar a celebración oficial de maneira transversal por parte do movemento nacional aborixe.

As reivindicacións deste ano 2021, marcado pola pandemia da Covid-19 e polas medidas de seguridade, por parte de activistas nativos e nativos, centrouse en exixir ao Estado que "todos as negras e os negros" aborixes reciban un millón de dólares en "reparacións" por terlles roubado a terra cando os colonos británicos chegaron a Australia. Durante o acto principal, e de maneira simbólica, unha das persoas asistentes subiu a unha estatua da raíña Vitoria na localidade de Brisbane cunha pancarta na que se podía ler "Esta non é a terra da raíña".

As consecuencias da presión colonial

Segundo un estudo realizado en 2017, a esperanza de vida é inferior a 10,6 anos para os homes nativos e a 9,4 anos para as mulleres. As taxas de suicidio das e dos aborixes tamén son extremadamente elevadas. Segundo o informe do *Proxecto de avaliación da prevención do suicidio dos aborixes e do estreito de Torres* (2016), as e os adolescentes nativos de entre 15 e 24 anos teñen 5 máis probabilidades de suicidarse e teñen niveis máis elevados de abusar das drogas e do alcohol.

Deportaciones en los siglos XV y XVI

Siglo XVII

Siglo XVIII

Siglo XIX

> ACTIVIDADES E RECURSOS

1. «As rutas do escravo»: dossier informativo (<http://bit.ly/1e0J5W5>).
2. Rutas dos escravos: unha visión mundial. Deportación masiva das poboacións africanas: as Américas, Europa, o océano Índico, o Oriente Medio e Asia. Vídeo: (<http://bit.ly/1iZDLq4>).
3. Ruta do escravo. Unesco: (<http://bit.ly/Nr3Mjw>).
4. Película «12 anos de escravitude»: Unha película británica-estadounidense do 2013, gañadora dos Óscar 2014 á mellor película, mellor actriz de repartición e mellor guión adaptado.

El Caribe reclama una compensación a Europa por los siglos de esclavitud


La región atribuye su pobreza a los abusos cometidos por España y otros imperios

MAYE PRIMERA
Miami

EL PAÍS, lunes 5 de agosto de 2013

Los cálculos más conservadores indican que al menos 12 millones de africanos fueron secuestrados en la costa occidental de su continente y transportados en barcos negreros europeos hacia las colonias de América, entre los siglos XVI y XVIII. No todos sobrevivieron a la travesía y quienes llegaron con vida labraron en condiciones de esclavitud las plantaciones de los imperios de España, Reino Unido, Holanda, Francia y Portugal en el Nuevo Mundo. Las naciones que conforman la Comunidad del Caribe (Caricom) atribuyen el origen de su actual pobreza material a la esclavitud y al genocidio perpetrado en aquellos tiempos. Por eso han decidido emprender un proceso judicial contra Reino Unido, España, Francia, Holanda y Portugal, en reclamo de una compensación económica y de inversión en planes de desarrollo.

"Estamos enmarcando la discusión de las reparaciones en la discusión acerca del desarrollo. No estamos hablando de una confrontación, sino de llevar nuestro caso a la Corte Internacional de Justicia para negociar", ha explicado a EL PAÍS la historiadora Verene Shepherd, quien dirige la Comisión de Reparaciones de Jamaica. En su más reciente cumbre, celebrada en Puerto España el 4 de julio pasado, los líderes de la Caricom acordaron establecer comisiones de reparación en cada uno de los 15 países miembros del bloque donde no existiese



Esclavos negros trabajan en una zafra en las Indias Occidentales hacia 1900. /GETTY

alguna. El siguiente paso será la celebración de una reunión conjunta, prevista para la primera semana de septiembre en San Vicente y las Granadinas, donde algunos de los primeros ministros del grupo debatirán junto a abogados y especialistas en historia económica la estrategia a seguir.

No es un asunto de dinero, sostiene Shepherd, sino de acordar mecanismos de compensación que contribuyan al desarrollo de los Estados reclamantes. "Antes que nada, queremos que Europa se disculpe, pues hasta ahora

no en las bases de la sociedad civil, entre intelectuales y profesionales, que han reclamado reparaciones por el genocidio de sus nativos y por la esclavitud", dijo a un diario local Gonsalves, quien presidirá la reunión fijada en septiembre, en la que también participarán la primera ministra de Trinidad y Tobago, Kamla Persad Bissessar, y los presidentes de Haití, Michel Martelly; Guyana, Donald Ramotar, y Surinam, Desi Bouterse.

En junio pasado, la firma Leigh Day & Co. se anotó una

victoria en un caso similar, al lograr que Reino Unido admitiese haber torturado a más de 5.000 rebeldes de la guerrilla keniana Mau Mau entre los años 1952 y 1960. Como resultado, las víctimas y sus sobrevivientes obtuvieron una compensación que alcanzó los 13 millones de euros.

Entre 2004 y 2011, Jamaica, Guyana y Antigua y Barbuda también han intentado, sin éxito, obtener algún tipo de compensación de parte de los países europeos involucrados en el tráfico de esclavos en tiempos coloniales. "Hoy el llamado a reparaciones está comenzando a formar parte de la conciencia nacional en San Vicente y las Granadinas, a través del debate público en los programas de radio, en los diarios", sostiene el primer ministro, Ralph Gonsalves.

Los países del Caribe involucrados en este nuevo reclamo por esclavitud y genocidio contra cinco países europeos aún no han fijado el monto de la compensación a la que aspiran. Existen, sin embargo, algunos antecedentes.

Al menos 12 millones de africanos llegaron en barcos negreros del siglo XVI al XVIII

En 1999, la African World Reparations and Repatriation Truth Commission exigió a Occidente el pago de 585.000 millones de euros a los países africanos que fueron esclavizados durante el período colonial. "Sabemos que nunca obtendremos esa cantidad de dinero, pero al menos debemos encontrar la manera de aliviar la pobreza del Caribe y hacer algo a favor del desarrollo de una infraestructura social. Si queremos alcanzar la paz mundial, este es uno de los caminos", opina Shepherd.

1. HISTORIA

Ao longo da historia ningún grupo de poboación es-tivo a salvo da escravitude. Moitas das poboacións reducidas á servidume da conca do Mediterráneo, o Oriente Próximo e o océano Índico eran orixinarias de África. En canto chegaron ao continente ameri-cano, en 1492, os europeos empezaron a escravizar as poboacións autóctonas e esta forma de sometemento prevaleceu moito tempo nalgúns zonas de América colonizadas por eles.

2. CIFRAS

En total, uns 12,5 millóns de escravos negros africa-nos foron trasladados dunha á outra beira do Atlán-tico entre 1500 e 1867, no que foi a maior empresa de deportación transoceánica na historia.

3. VIOLENCIA

A escravización das poboacións daba ocasión a numerosos episodios dramáticos, enfrontamentos armados, *razzias* e secuestros, manipulación e su-borno das autoridades políticas e xudiciais.

4. DEMOGRAFÍA

Os compradores europeos preferían mozos adultos de sexo masculino, o que acabou modificando o perfil demográfico das sociedades implicadas, con consecuencias negativas para as taxas de reprodución da poboación.

Mentres que en 1582 só o 11 % da poboación censada de Arxentina era de orixe africana, en 1820 a proporción correspondente era do 62 % en Colombia, e en 1815 do 59 % en Venezuela.

5. MESTIZAXE

Estas cifras explican a composición actual da poboación latinoamericana, integrada na súa maior parte por mestizos: en total, no continente americano viven uns 180 millóns de persoas de ascendencia africana, das cales 30 millóns están en Estados Unidos, 500.000 no Canadá e o resto en América Latina e o Caribe. Brasil é hoxe en día o país do mundo de maior poboación negra, despois de Nixeria.

6. REBELIÓN

Foi en América e o Caribe onde tiveron lugar os actos mellor documentados da resistencia dos es-cravos. No Caribe, do 70 ao 85 % eran escravos. En decembro de 1521, a plantación de cana de azucre de Diego Colón na Española (Santo Domingo) foi devastada polos escravos rebeldes. En 1553 tivo lugar en Cuba o primeiro levantamento de escravos nunha mina de ouro.

No século XVII, as primeiras revoltas de escravos en Guadalupe, Martinica, San Cristóbal, Barbados. En 1763 en Xamaica, onde en 1831 se mobilizaron 20.000 escravos, dos cales foron executados máis de 500.

7. ABOLICIÓN

O berro de «Liberdade ou morte» resoou en Santo Domingo, onde había uns 500.000 escravos, e en 1793 declarouse a abolición da escravitude. Nun cadro das páxinas 38-39 do documento *As rutas do escravo* notificáanse datas e circunstancias da abolición da es-cravitude, desde 1777 na constitución de Vermont até a prohibición no 2008 do traballo forzoso en Nepal.

8. IDENTIDADE CULTURAL

As repercusións da revolución en Haití. A creación e identidade nas sociedades posescravistas: as artes, a linguaxe, a relixión, a ciencia e a técnica, as teorías racistas. A escravitude a día de hoxe.

9. POSESCRAVISMO

No 2004 calculábase que 27 millóns de persoas aínda vivían en escravitude. Aínda que en todas partes, mesmo en Estados Unidos, a maioría delas no sur de Asia. No 2005, a OIT calculou en 12,3 millóns as vítimas de traballo forzado, explotación sexual ou doutra clase, e a explotación do traballo infantil.

10. DOUS SÉCULOS

Máis de dous séculos da gran rebelión vitoriosa de Santo Domingo e Haití e o inicio do movemento abolicionista en Europa e América do Norte, a tarefa dos antiescravistas non terminou.